



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA E PRANTA BAIXO CUERTA DO EDIFICIO DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Rodeiro, enmárcase na petición formulada polo concello ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño).

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Rodeiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Rodeiro, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“rehabilitación integral da cuberta e planta baixo cuberta do edificio da antiga Cámara Agraria”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional



O Concello de Rodeiro (Pontevedra) trata de promover unha actuación consistente na **“rehabilitación integral da cuberta e planta baixo cuberta do edificio da antiga Cámara Agraria”**.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O edificio da antiga cámara agraria data de 1969, atópase situado no centro do núcleo urbano e dispón de baixo e dúas plantas.

O edificio presenta un mal estado en xeral, motivado polo deterioro da cuberta e o deficiente illamento térmico e nula impermeabilización, o que provoca filtracións de auga en todas as plantas do edificio.

A actuación ten por obxecto o acondicionamento da planta baixo cuberta que fai as funcións de arquivo do local social, xa que os veciños fan uso habitual do inmovible en tal condición, a pesar de estar en mal estado de conservación. Trátase do acondicionamento dun edificio que serve para un uso necesario como lugar de reunión principalmente dos veciños do núcleo urbano de Rodeiro e do público en xeral.

A actuación pretende o cambio de cuberta que se atopa moi deteriorada, para illala termicamente e acondicionar o baixo cuberta para que se poida usar con seguridade como espazo de arquivo e arranxar os danos en falsos teitos, paredes e fachadas.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo